


PROGRAMA DE ACOLLIDA

2020-21



ACTUALIZACIÓN OUTUBRO DE 2020



PLAN DE ACOLLIDA 2020-21

Este documento está elaborado en base ás Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obligatoria e do bacharelato, nas que se indica que, co fin de facilitar a incorporación do alumnado afectado pola suspensión da actividade lectivo presencial durante o curso 2019/2020, o equipo directivo elaborara un Programa de acollida que será presentado ao Consello Escolar do centro

O equipo directivo procedeu á elaboración do borrador e presentou á comunidade educativa indicada na primeira semana de setembro para que realizara as achegas pertinentes previamente á celebración do Consello Escolar .

a) Novas normas de organización e funcionamento do centro.

O plan de adaptación á situación covid-19 implica unha serie de cambios e modificacíons temporais nas Normas de Organización e Funcionamento do colexio. Neste cadre/resumo reflectimos as más salientables:

TEMA	MODIFICACIÓN
Horarios de entrada e saída	<p>ESCOLA DE DOMIRÓN</p> <p>ENTRADAS</p> <p>Abriranse as portas de entrada ao recinto pola parte posterior ás 8.45 , a porta diantera (Souto Vizoso) permanece aberta dende as 7:30 por mor dos madrugadores .</p> <p>Cada aula ten un acceso diferenciado xa que todas teñen unha porta que da directamente ao patio semicuberto e este á súa vez outra que o</p>

	<p>comunica co porche dentro do recinto .Esta porta abrirase tamén ás 8.45</p> <p>As familias poderán acceder ao recinto e colocaranse no espazo habilitado para cada aula</p> <p>3 ANOS 9:10 Porta principal (as mestras colleran ao alumnado na porta, non pasando as familias ao interior do colexio)</p> <p>4 ANOS 9:00 Patio semicuberto</p> <p>5 ANOS 8:50 Patio semicuberto</p> <p>SAÍDAS</p> <p>Entrega individual pola porta que cada aula ten ao patio semicuberto :</p> <p>3 ANOS 13:45 Patio semicuberto</p> <p>4 ANOS 13:50 Patio semicuberto</p> <p>5 ANOS 14:00 Patio semicuberto</p> <p>ESCOLA DE SEDES</p> <p>Entradas</p> <p>O alumnado transportado en taxis empeza a chegar ao centro en quendas ás 8:45.</p> <p>Esperan a que se vaian incorporando os compañeiros/as na aula da planta baixa acompañados pola titora.</p> <p>Unha vez que suban á aula (situada no primeiro andar) a porta de entrada á escola permanecerá pechada , tendo que chamar ao timbre , agás os especialistas que contan cunha chave.</p> <p>Saídas</p> <p>13.40 Todo o alumnado acompañado da súa titora se situarán na planta baixa .</p> <p>O alumnado de transporte empeza a sair ás 13:45 a medida que van chegando os taxis .</p>
--	--

◦Os demáis serán entregados na porta individualmente ás familias que esperarán dentro do recinto.

◦En caso de choiva , a entrega realizarase pola porta que da ao patio cuberto . **Entradas :**

Educación Infantil

-As familias de EI poderán acceder ao recinto e colocaranse no espazo habilitado para cada aula

6ºEI – debaixo do cuberto – 8:50

5º EI – Diante das ventanas da súa aula – 8:55

4º EI – Diante das ventanas da súa aula -9:00

Educación primaria

Horario de entrada 3º e 4º de primaria : 8:55

1º e 2º de primaria : 9:00 : no patio

O alumnado pode ir entrando ao recinto e colocarase na fila que ten asignada no patio , onde esperará ata o momento da entrada .

1º e 2º 1º pegados ás columnas do porche

2º pegados /as ás ventanas

3º e 4º fila única

Os cursos de 1º e 2º entrarán cada un pola subida ao porche máis cercano á porta da súa aula

Saídas e horario de saída :

-As familias de EI poderán acceder ao recinto e colocaranse no espazo habilitado para cada aula diante do edificio de Ed Infantil .A entrega será individual acompanyando aos nenos e nenas ata a rampa nas seguintes quedas :

- **4ºEI - 13:50**

	<ul style="list-style-type: none"> • 5ºEI - 13:55 • 6º EI- 14 :00 <p>As familias non poderán subir a rampa nin meterse no tellado.</p> <p>-As familias de EP , recollerán ao alumnado polo portalón Principal (Rúa Martinez Aneiros) . O profesorado acompañará ao alumnado ata a súa zona de espera no patio coincidentes as filas coas de entrada .</p> <p>Haberá unha terceira fila para o alumnado de transporte , situada na parte dereita do edificio de primaria.</p> <p>As familias de 1º e 2º esperarán no espazo marcado para ela ,pegados ao valado gardando as medidas de seguridade. As de 3º e 4º esperarán na praza.O alumnado de EP sairá nas seguintes quendas :</p> <p>-1º e 2º - 2:00</p> <p>- 3º e 4º -1:55</p>
Horario de recreo	<p>ESCOLA DE O VAL : 2 quendas</p> <p>1ª Quenda 11:30 -11:55 – Educación Infantil</p> <p>2ª Quenda 11:55-12:20 - Educación Primaria</p> <p>ESCOLA DE DOMIRÓN e SEDES</p> <p>Horario : 11:30 -11:55</p>
Espazo de recreo	<p>ESCOLA DE O VAL</p> <p>Cada grupo estable de convivencia en función do día da semana e o calendario de recreos terá asignada unha zona de xogo na que interactuará únicamente cos membros de dito grupo</p> <p>INFANTIL</p> <p>Establécese PLAN A (non choiva) e PLAN B (con choiva) con 3 áreas diferenciadas cada un deles ANEXO</p> <p>PLAN A (non choiva) Marcamos 3 Zonas :</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Zona do parque e Zona Verde 2. Diante do Edificio de Infanti 3. Patio diante de Primaria <p>PLAN B (con choiva)</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Voladizo EI

2. Patio semicuberto (metade esquerda)
 3. Patio semicuberto (metade dereita)

O Concello virá a desinfectar diariamente o recinto e o parque infantil , polo que cada día da semana poderá utilizar o parque un só grupo estable de convivencia de xeito rotatorio ata 2º de primaria.

O día será fixo para facilitar a memorización do mesmo e integración no horario da clase

Se as titoras de Infantil desexan realizar actividades ao aire libre ou un segundo recreo, deberán esperar que acabe o horario de Primaria para volver saír.

PRIMARIA

- Dous grupos estables de convivencia (primeiro e segundo / terceiro e cuarto)
- Cando non chove** patio dividido en dúas metades :
 Luns e martes-3º e 4º -zona cuberta, diante da zona cuberta e trozo verde diante da
 (entrada ao colexió)
 1º e 2º -parque e zona verde
 Mércores,xoves e venres ao revés
- Con choiva :**
 1º e 2º -portche cuberto diante do edificio de primaria
 3º e 4º - pavillón polideportivo.
 Alternando o uso do pavillón :
 Luns e martes -1º e 2º
 Mércores, xoves e venres -3º e 4

MODELO DE CALENDARIO MENSUAL

Quenda	ZONAS	Día da semana				
		LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
E. I.	1	4ºEI	5ºEI	6º EI	4ºEI	5ºEI
	2	6ºEI	4ºEI	5ºEI	6ºEI	4ºEI
	3	5ºEI	6ºEI	4ºEI	5ºEI	6ºEI
E.P.	1	3/4º EP	3/4ºEP	1º/2º	1ºEP	2ºEP
	2	1º/2ºEP	1º/2ºEP	3º/4º	3º/4º	3º/4º



Días que os que xogan na zona 1 lles corresponde xogar cos xogos do patio

ESCOLA DE DOMIRÓN

Faranse catro grupos para sair ao patio, a clase de 3 anos subdividida en dous grupos (4ºEI: grupo 1 e grupo 2) 45ºE.I. (grupo 3) e 6º EI(grupo 4) e iremos rotando polas diferentes zonas seguindo a orde das zonas 1, 2, 3, 4 e así sucesivamente de tal maneira que vaiamos pasando polas 4 zonas sen repetir

Plan A (non choiva)

Dividimos o patio semicuberto en dúas zonas:

A. Zona de vehículos/B. Zona de areeiros

E o patio de herba tamén o dividimos en dúas zonas:

C. Zona de parque /D. Zona de horto

ZONA DE XOGO													
A (vehiculos)	G.1	G.2	G.3	G.4	G.1	G.2	G.3	G.4	G.1	G.2	G.3	G.4	G.1
B (areeiros)	G.2	G.3	G.4	G.1	G.2	G.3	G.4	G.1	G.2	G.3	G.4	G.1	G.2
C (parque)	G.3	G.4	G.1	G.2	G.3	G.4	G.1	G.2	G.3	G.4	G.1	G.2	G.3
D (horto)	G.4	G.1	G.2	G.3	G.4	G.1	G.2	G.3	G.4	G.1	G.2	G.3	G.4

PLAN B (con choiva)

Marcamos catro zonas:

A..Sala grande /B.Porche entrada /C..Clase propia /D.Clase propia

Nos días de choiva as combinacións iranse facendo de tal maneira que os alumnos/as da clase de 4ºEI non teñan que coincidir os dous grupos na súa aula. De tal forma que faremos a rotación para que coincida que un estará na aula e o outro grupo estará na sala grande ou no porche.

O calendario será mensual para garantir que todos pasen por todo

	ZONA DE XOGO												
A (sala)	G.4	G.1	G.2	G.3	G.4	G.1	G.2	G.3	G.4	G.1	G.2	G.3	G.4
B (porche)	G.2	G.3	G.4	G.1	G.2	G.3	G.4	G.1	G.2	G.3	G.4	G.1	G.2
C (clase)	G.3	G.2	G.1	G.4	G.3	G.2	G.1	G.4	G.3	G.2	G.1	G.4	G.3
D (clase)	G.1	G.4	G.3	G.2	G.1	G.4	G.3	G.2	G.1	G.4	G.3	G.2	G.1
Gardas de entrada e saídas	<p>Escola de O VAL :</p> <p>ENTRADAS :O profesorado especialista e apoio de infantil segundo o horario mentres as titoras ventilan a aula e recollen ao alumnado na fila .</p> <p>SAÍDAS Profesorado titor agás no caso de 2º de primaria os días da semana que a titora estea realizando labores de secretaría na sede.</p> <p>Nas outras escolas serán as titoras as encargadas do seu grupo .</p>												
Acompañamiento do alumnado	<p>Limítase a un acompañante por alumno no recinto escolar para o alumnado de 3 anos.</p> <p>Nas saídas da Escola de O val , dada a dificultade que supón o fluxo cruzado co alumnado de infantil e a beirarrúa estreita co autobús escolar , permitirse ás familias do alumnado de 1º e 2º de primaria a entrada ao recinto escolar TRANSITORIAMENTE sempre e cando permanezan na zona habilitada para eles (pegados á verxa)</p>												
Aula de usos múltiples Domirón	<p>-Reconvertida en parte en aula para desdobres de traballo dos grupos más numerosos.</p>												
Uso de aseos	<p>Cada curso só utilizará o baño da súa aula agás na Escola de O val onde 4º e 6º comparten baño establecerase un sistema para a ocupación individual que pose ser tipo semáforo e se sinalizará no chan o lugar de espera antes de entrar.</p> <p>Na escola de O Val os adultos usarán só o baño correspondente a AL/PT</p> <p>Mañanceiros de O Val utilizarán o da aula de usos múltiples</p> <p>Mañanceiros de Domirón : cada neno/a o da súa aula correspondente</p>												
Actividades interniveis e común entre as escolas	<p>De momento , quedan suspendidas, agás se podan levar coas medidas de seguridade axeitadas se as condicións o permiten. Intentarase suplir con videoconferencias entre as escolas</p>												

Titorías	<ul style="list-style-type: none"> As titorías grupais (reunións informativas de principios de curso) realizaranse ao aire libre mantendo as distancias de seguridade. As titorías individuais serán preferentemente telemáticas e/ou telefónicas. Cando sexa necesario unha titoría presencia, so en casos excepcionais, e sempre con cita previa. <p>Como excepción a 1ª titoría do alumnado de novo ingreso (4º de infantil) podrá ser presencial mantendo todas as medidas de protección</p>
Departamento de Orientación	<ul style="list-style-type: none"> As reunión coas familias será preferentemente telemática e ou telefónicas. De precisar presencialidade, , sempre con cita previa
Equipo directivo	Na sede de San Xiao só se atenderá presencialmente con cita previa (pódese solicitar a través do teléfono ou do correo electrónico do centro).

Para realizar unha correcta explicación sobre estas modificacións e o desenvolvemento do plan de actuación, realizaranse antes do comezo de curso reunións por nivel coas familias. Estas reunións terán lugar no patio do colextio baixo as seguintes normas de seguridade:

- Un único asistente por alumno/a.
- Separación entre cadeiras dun mínimo de 1,5m
- Obrigatorio o uso de máscara entre os asistentes.
- Entre reunións haberá entre 15 ´de separación en caso de utilizar o mesmo espazo, tempo no que se realizaran labores de limpeza nas cadeiras empregadas . As datas e horas para cada nivel educativo quedan reflectidas na seguinte táboa:

NIVEL	DATA	HORA
DOMIRÓN 4º DE INFANTIL	8 de setembro	12:30
DOMIRÓN 5º DE INFANTIL	8 de setembro	11
DOMIRÓN 6º DE INFANTIL	8 de setembro	9:30
O VAL 4º DE INFANTIL	9 de setembro	11:30
O VAL 5º DE INFANTIL	9 de setembro	10
O VAL 6º DE INFANTIL	9 de setembro	11:30
O VAL 1ª DE PRIMARIA	8 de setembro	11
O VAL 2ª DE PRIMARIA	8 de setembro	11
O VAL 3ª DE PRIMARIA	8 de setembro	12
O VAL 4ª DE PRIMARIA	8 de setembro	12:30
SEDES	8 de setembro	10:00

No primeiro día de clase, o alumnado estará únicamente coa súa titora, que será a encargada de informar das novas normas de organización e funcionamento, en coordinación co profesorado especialista, que, de ser necesario, pasará polas aulas para informar das peculiaridades que afecten á súa área. Os horarios de recreo respectaranse, deixando a posibilidade de que o alumnado de educación infantil faga un segundo recreo de 12:45h a 13:15h.

O profesorado especialista , durante o mes de setembro realizará en E.I. labores de apoio dentro da aula que lle correspondería estar por horario dando a súa asignatura

O alumnado de EI seguirá o horario do seu Plan de Adaptación

PLAN DE ADAPTACIÓN EI

		<u>DOMIRÓN</u>	<u>VAL</u>	<u>SEDES</u>
<u>1º semana</u>	1:30H	1ª quenda DE 9:30 A 11:00 2ªquenda DE 11:30 A 13:00	1ª quenda DE 9:30 A 11:00 2ªquenda DE 11:30 A 13:00	9:30 a 11
<u>LUNS 21</u> <u>MARTES 22</u>	1:30H	TODOS OS ALUMNOS de 10:30 A 12:00	TODOS OS ALUMNOS De 9.15 a 10.45	9:30 a 11
<u>MÉRCORES 23,</u> <u>XOVES 24 E</u> <u>VENRES 25 DE</u> <u>SETEMBRO</u>	2H	TODOS LOS ALUMNOS de 10:30 A 12:30	TODOS OS ALUMNOS de de 9:15 a 11:15	9:30 a 12
<u>LUNS 28 E</u> <u>MARTES 29 DE</u> <u>SETEMBRO</u>	3H	TODOS OS ALUMNOS de 10:00 A 13:00	TODOS OS ALUMNOS de9:15 a 12:15	9:30 a 12:30
<u>MERCORES</u> <u>30de</u> <u>SETEMBRO</u>	4H	TODOS OS ALUMNOS de 9:30 a 13:30	TODOS OS ALUMNOS de 9:15 a 13.15	9:30 a 13:30

O 1 DE OUTUBRO COMEZAREMOS CO HORARIO QUE IMOS TER TODO O CURSO, coa entrada e saída escalonada en función da escola .

- Debido á situación na que nos atopamos de ser posible, se o grupo o permite, intentarase recoller ao alumnado na porta dende o primeiro día , sen que os familiares entren no centro , agás casos de NEE que se lle deseñará en colaboración co DO un Plan individualizado de Incorporación paulatina ao centro.

5º de Infantil : Tendo en conta o anómalo do curso pasado, establecese un período de adaptación para a incorporación paulatina durante a primeira semana do curso

VENRES 11	10:30 a 13:30
LUNS 14	
MARTES 15	

b) Actuacións de prevención, hixiene e protección.

Prevención: O centro educativo non é aldeo á situación social e, polo tanto, establecendo un paralelismo coas normas xerais de prevención para calquera cidadán, os obxectivos serán os seguintes:

- Evitar aglomeracións:

- Diseminar as entradas e saídas do alumnado.
- Dispersar as rutas que segue o alumnado para acceder á súa aula.
- Establecer quendas de recreo.
- Dividir o patio para que cada grupo estable /nível educativo dispoña dunha zona de recreo.
- Regular o acceso aos aseos

- Distancia social:

- Distribuír as mesas nas aulas de tal xeito que exista a maior separación posible entre o alumnado atendendo ao número de alumnos/as por aula e ao espazo dispoñible.

• Evitar situacíons de contacto físico.

- Responsabilidade individual:

- O profesorado debe comprometerse a facer un autotest antes de acudir ao centro para evitar ir a traballar con sintomatoloxía compatible coa covid.
- As familias deben adquirir o compromiso firme de non enviar aos seus fillos/as ao colextio se presentan algúns dos síntomas compatibles coa covid; para elo deberán asinar a declaración responsable entregada na reunión informativa de principios de curso e facer un test diario no que comproben a temperatura, a presenza de tose seca, dificultade respiratoria, a perda de olfacto ou gusto, dor muscular, fatiga severa ou diarrea. Para facilitar a boa comprensión do mesmo deseñárase un modelo simplificado de lectura fácil e accesible que estará tanto na web como se enviará por móvil a cada familia

Hixiene:

Neste apartado resumimos as accións a levar a cabo para reforzar a hixiene xeral do centro e a adquisición de hábitos e rutinas de responsabilidade individual.

- Hixiene xeral do centro:

- O Concello reforzará o servizo de limpeza aumentando o persoal.
- Realizar desinfeccións dos aseos 1 por mañá.
- Facer limpeza de aulas e espazos comúns pola tarde.
- Establecer un control da ventilación correcta e abundante das aulas.
- Desinfección dos elementos de uso común por parte do profesorado .O alumnado de primaria colaborará na medida das súas posibilidades .

- Hixiene persoal:

- Facer varias limpezas e desinfección das mans, para o que haberá dispensadores de hidroxel nas aulas e xabróن líquido nos baños.
- Adquirir hábitos como tusir ou esbirrar contra o cóbado, evitar tocar a cara ou levar obxectos á boca.
- Aprender a manipular correctamente as máscaras.

Rutinas de responsabilidade individual:

- Os usuarios de espazos e elementos comúns deben adquirir a conciencia de que debe recaer sobre eles a desinfección previa ao uso. Para iso haberá elementos de limpeza e desinfección específicos ou ben panos desbotables e xel.
- Limpeza de elementos propios de traballo: cada mestre ou cada alumno ten uns elementos de emprego persoal, como son a mesa de traballo, bolígrafos, etc.
- Facilitar o labor do persoal de limpeza: - Elementos de limpeza a disposición da comunidade docente:
 - Xel: en todas as aulas e espazos comúns
 - Xabróн: nos aseos e botiquín.
 - Panos desbotables: en todas as aulas, baños e espazos comúns.
 - Solución desinfectante: nas aulas

Protección:

- Uso de máscara:

- Uso obligatorio para todo o profesorado.
- Uso obligatorio para todo o alumnado en zonas comúns e recreos.
- Uso obligatorio para todo o alumnado de primaria dentro das aulas.
- Uso recomendable sempre que seña posible para todo o alumnado de infantil dentro das aulas.

- Pantallas:

- Para aquelas actividades lectivas nas que o emprego de máscara sexa incompatible.
- No caso de alumnado exento do uso (NEE por exemplo)o profesorado utilizará máscara PFPP2 +pantalla
- Para as tarefas de desinfección e limpeza de baños (o gafas de protección ocular).
- Mamparas:
- Para realizar trámites coas familias posibilidade de instalar unha no despacho común de dirección, secretaría e xefatura de estudos.
- Nas aulas de PT e AL, nas que se empregarán para a realización de tarefas que o requiran.

c) Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado e profesorado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.

No mes de marzo a interrupción abrupta das clases presenciais supuxo poñer en marcha en moi pouco tempo toda a maquinaria da aula virtual e a formación básica de usuarios. Aínda que o resultado foi más que digno, grazas ao esforzo de profesorado e familias, é necesario comezar o curso 20/21 cunha serie de accións que faciliten e emprego deste recurso, independentemente de que se poidan retomar as sesións virtuais ou non. Deste xeito, se fose necesario volver ao ensino a distancia ou semipresencial, a alumnado tería un maior grao de autonomía para continuar coa súa aprendizaxe. A formación básica que un alumno/a (ou familia) debe ter para poder ter un mínimo de garantías no caso de ter que realizar docencia non presencial é:

- Acceso á aula virtual (de infantil a 4º de primaria)
- Acceso aos diferentes cursos / áreas nos que estea matriculado/a (infantil a 4º)
- Envío de tarefas a través da aula virtual (infantil a 4º)
- Xestión da súa conta de correo electrónico e funcionalidades básicas da conta -nube, vídeo, documentos- (de 3º a 4º de primaria).
- Consulta de cualificacións e comentarios.
- Envío de mensaxes por vía interna da aula virtual .

Por outra banda, as familias deben coñecer e manexar as vías de información e comunicación existentes no centro, que son as seguintes:

- Aplicación Abalarmóbil, dende a que poden realizar consultas relacionadas co ámbito académico, solicitar tutorías e recibir mensaxes do centro ou profesorado. Existe a posibilidade de crear salas de mensaxería dende as que podería interactuar co profesorado.
- Correo electrónico: vía formal para realizar consultas, transmitir información e realizar outro tipo de trámites. A dirección empregada será a corporativa: cra.naron@edu.xunta.gal

- Teléfono: comunicación directa e inmediata coas escolas , cada escola ten o seu teléfono móvil (na escola de O val 2 , un para Infantil e outro para Primaria)

Os teléfonos na Escolas de Domirón e Val (Infantil) esarán xestionados e sempre operativos polas profesoras membros do Equipo Covid de cada Escola

As accións formativas que se levarán a cabo estarán dirixidas polo profesorado titor coa colaboración dos mestres especialistas e o equipo docente de TICs. No seguinte cadro / resumo quedan reflectidas as tarefas mínimas que se deberán levar a cabo:

Acceder á aula virtual e curso correspondente

Comprobar as familias que teñen dificultades para acceder

Visualizar contidos na aula virtual

Facilitar usuario e contrasinal

Acceder á aula virtual e curso correspondente

Realizar tarefas na aula virtual: un cuestionario, unha caixa de texto, unha actividade interactiva, enviar un arquivo.

O primeiro mes de curso pode ser un “laboratorio” interesante para poñer a proba un modelo de ensino mixto. O alumnado pode facer tarefas de reforzo e ampliación na súa casa a través do ensino virtual ou ben acceder a información (vídeos, pequenos textos) que despois se empreguen nas sesións presenciais. Isto permitiría tamén afrontar con más garantías un escenario de semipresencialidade nas aulas e abrir o abano de posibilidades educativas e formativas do alumnado.

-

No caso de detectar que parte do alumnado non dispón de acceso a internet intenta-rase darlle solución ante un posible ensino a distancia, atendendo cada caso particularmente.

No caso de que a carencia sexa de equipamento, o centro solicitará a colaboración da Consellería.

PROFESORADO

- 1.Durante as tardes dos martes do mes de Setembro , e guiados polo responsable de Tics faremos unhas xornadas de actualización no uso da Aula Virtual .
2. A práctica totalidade do profesorado vai participar no curso de 15 (Nivel avanzado)*Aproveitamento didáctico de ferramentas institucionais para o ensino mixto*, impartido polo responsable de TICS do centro de maneira mixta, alguma xornada presencial e outras por Webex.

d) Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades en grupo de acollida e cohesión.

- Os nenos e nenas teñen unha capacidade adaptativa moi grande , de todos os xeitos o impacto da Covid 19 ten repercusións diferentes en cada individuo que precisan dunha atención específica ..

Dende o CRA queremos ofrecer oportunidades de aprendizaxe de xestión de emocións para o noso alumnado e as súas familias Queremos formar nenos e nenas más capaces de afrontar novas adversidades do mellor xeito posible , formar alumnado máis feliz , máis empático, máis solidario e optimista. • Os cambios na forma de relacionarse na sociedade deben chegar, por desgracia, tamén ao colextio. Nesta volta ás aulas temos que aprender a socializar con distancia, sen contacto físico ou transmitir emocións sen poder mostrar parte das nosas facianas.

- Tanto para mestres como para alumnos supón un cambio enorme na interacción habitual e require dun tratamento específico nas aulas.
- A mímica pode ser unha ferramenta moi útil para substituír accións que implican contacto físico, como unha aperta. O deseño deste tipo de xogos e dinámicas deberían estar presentes nas primeiras sesións e semanas.
- A nivel social é importante que traballemos o tratamento que reciben as persoas contaxiadas. Estar afectado polo virus non debe ser motivo de discriminación, senón de comprensión e empatía, debemos evitar o rexeitamento social dende a empatía, pois calquera nós podemos pasar por esa situación aínda sen ter cometido actos imprudentes. Polo tanto, se temos a mala sorte de que un compañeiro/a contrae a enfermidade, non podemos culpalo nin demonizalo, senón apoiala e coidala emocionalmente.
- O mesmo temos que facer coas persoas que presenten síntomas compatibles, tomar precaucións non implica desprezo e rexeitamento, polo que debemos facer actividades de sensibilización neste eido.
- Outro aspecto sobre o que debemos incidir no tratamento transversal do tema é a difusión de bulos e as bromas relacionadas co virus. Temos que formar ao noso alumnado para que non caia en cadeas de transmisión de información que non estea fundamentada e confirmada, estamos nunha época na que se pode ferir a compañeiros/as facendo comentarios en torno ao seu estado de saúde que poden alterar a convivencia no colextio. Sucede o mesmo coas bromas de mal gusto relacionadas co coronavirus, non cabe dúbida de que o emisor seguramente non teña intención ofensiva, pero pode darse o caso de que nenos/as con parentes ou coñecidos afectados/as poidan verse violentados por esta situación, polo que temos que intentar evitalas.
- A perda de liberdade do alumnado é más que evidente, xa que son moitas as limitacións que se atopará no retorno ao colextio. Será importante transmitir que se trata dunha situación transitoria e que ese esforzo vai en beneficio de todos/as, e como cidadáns debemos cumplir

con estas restriccions cun único obxectivo: contribuir a frear o virus e conseguir que todo isto acabe.

- O alumnado necesita ser escoitado, polo que debemos deseñar accións que induzan a que se exprese, a que transmita emocións, opinións, incluso a que aporten solucións, deste xeito podemos facelos partícipes de todas as medidas adoptadas para evitar contaxios. Dende a Comisión de Coordinación Pedagógica e o Departamento de Orientación tratarase de facer propostas concretas e de complementar este apartado unha vez iniciado o curso.

Atenderemos ao noso alumnado en tres momentos diferenciados :

1º as titoras serán as encargadas de realizar actividades de acollida, de reencontro, de posta en común das emocións sentidas o tempo anterior á incorporación ao cole e ás actuáis , intentando lograr un clima de confianza e seguridade para os nenos e nenas onde a liberdade de expresión non se vexa condicionada polos “ medos a sentir”, propiciando sempre a escoita.

Todo isto mediante actividades lúdicas e dinámicas que se converterán este curso en parte das rutinas semanas como medio para conseguir o benestar integral de cada un dos nenos e nenas.

2ºA partir das actividades anteriores ,da observación do alumnado , dos intercambios coas familias ,os titores e titoras xunto co equipo docente, identificará a aquel alumnado obxecto de actividades específicas de xeito individualizado coordinando sempre coa orientadora.

3ºNos casos nos que sexa necesario ,tomarase a decisión dunha derivación a servizos externos ao centro, analizando en cada caso a mellor opción e establecendo canles de coordinación e seguemento.

A concreción das actividades farase en consenso coas docentes de Infantil e Primaria .

Poderemos utilizar entre outras en Infantil algunha das actividades de cohesión e de coñecemento de si mesmo deseñadas nos cursos anteriores dentro do TEI .

1ª versión 07.09.2020

2ª versión 21.09.2020

3ª versión 16.09.2020